

Para, contra a violencia, recuperarmos a lingua  
25 de novembro, Día da Non-Violencia contra as Mulleres

---



Óscar de Souto

*Azilag*

(escolma)

<http://oscardesouto.blogspot.com/>

**trece gatos** miañaban no tellado dunha casa  
precintada  
sen morada; no universo da rendición.  
lameiro: memoria do destiño  
nun tapete, verde mollado,  
ollar de miñado.

.....  
non somos, senón, arela  
dun eido antergo  
no infindo esquecemento  
da lenda núa  
dun tempo  
antes de nós mesmos.

.....  
*Otuos ed Racso*  
*Azilag*  
*Aiceallag*  
*Etrom ad Arret.*

.....

trocamos prumas por wolfram  
no sen sentido  
dunha loita sen armas  
sen exército  
sen bandeira  
sen país.  
revolución miudiña da verba  
caendo no baleiro dun río sen auga  
asoballado.  
un millón e medio de combates: todos perdidos.  
sangue que pelexou eternamente berra dentro de nós  
por debaixo do peito;  
e só os asexantes escoitámola  
silandeiros .... e alzámonos coa palabra vermella.  
camicaces -sen dono-  
nesa inxuria  
neste .... rudo encono.  
.....

pingas de tinta  
o carón da morriña  
afogan no branco dun folio  
da cor dunha folerpa de neve.  
arde a terra que piso  
na morte inducida  
dende o centro operativo da coviza  
que nos asoballa  
repetidamente  
nesta violación do a cotío  
na diáspora da alma  
sometida !!!!

.....  
debuxo un paréntese:  
ultraxe elevada a infinito máis un,  
pecho paréntese.

.....  
só na decencia nacente da verba, nun tempo sen min  
, tinguirán de cores os luscofuscos  
cheiros de nova tinta  
no homicidio de tólolos parénteses.

aniñamos a mente no cavorco da derrota da derrota  
resucitando palabras falecidas  
alzando regueifas  
no verbo  
na voz  
feridos de morte  
na defensa derradeira  
cun país resistindo nas calugas  
dos últimos soldados ... do vello eido verde.

**remorso do que fun**

o minutarío silba de cote  
farto de vida  
na nosa carencia de palabras  
nun destiño bougo  
coas cartas marcadas.  
non se conta xa por sementeiras,  
non ten importancia a lúa,  
tampouco son semanas as feiras  
ou as mareas do mar.  
síntome remorso bago do que fun  
renovada transparencia de espellos  
emerxente infección de moléculas  
renacido ser do meu ser ..... falecendo.  
poida que sexa xa .... só .... un poema.